

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026753	IES A Pontepedriña	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 1º de ESO os catro bloques concrétnanse en catro unidades didácticas denominadas cun título relacionado co contido de cada bloque.

En cada trimestre impartiranse contidos dos catro bloques. Ademais, realizaranse proxectos didácticos sobre os aspectos máis singulares ou salientables desa avaliación.

Por último, cómpre salientar que os libros de lectura obrigatoria abordarán temáticas diferenciadas e pertencen a distintos xéneros literarios. No primeiro proporase unha obra narrativa; no segundo, unha obra poética, e no terceiro, unha peza teatral (lectura colectiva) e unha novela (lectura individual).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuizos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	SOMOS LINGUA	A través de distintos recursos introdúcense conceptos de sociolingüística e reflexións sobre a lingua e os seus falantes.	10	5	X	X	X
2	COMUNICAMOS	Nesta unidade vense diferentes tipos de textos con actividades para traballar a comprensión lectora, a expresión (oral e escrita) e as propiedades textuais.	30	25	X	X	X
3	SOMOS LECTORES	Análise e traballo de diferentes tipos de textos literarios. Lecturas individuais e/ou colectivas.	30	25	X	X	X
4	COÑECEMOS A LINGUA	- Contidos gramaticais presentados de forma esquemática e actividades a partir	30	50	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	COÑECEMOS A LINGUA	de textos para contextualizar as unidades lingüísticas. - Conceptos de léxico, semántica e formación de palabras con recursos visuais para a presentación dos contidos e actividades orais e escritas. - Contidos de ortografía cunha ampla batería de actividades de adestramento.	30	50	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	SOMOS LINGUA	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	- Valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a conforman. - Coñecer e identificar os trazos dialectais principais dos tres bloques xeográficos.	PE	80
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	- Identificar en situacións reais prexuízos e estereotipos lingüísticos e rexeitalos. - Identificar prexuízos lingüísticos en debuxos ou viñetas e aportar argumentos para desbotalos.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.

UD	Título da UD	Duración
2	COMUNICAMOS	25

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender, interpretar e sintetizar escritos, especialmente textos descritivos, narrativos e expositivos sinxelos.	PE	45
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Producir textos escritos adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identificar o obxectivo comunicativo do emisor nun texto escrito e argumentar con exemplos.		
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identificar os elementos da comunicación en imaxes que representan situacións comunicativas.	TI	55
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	<ul style="list-style-type: none"> - Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social. - Expresar a opinión sobre un tema de interese social mediante argumentos lóxicos, coa axuda dun texto de apoio. 		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Buscar información pertinente en medios de comunicación e outras fontes para a realización de traballos expositivos.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Utilizar con rigor e con sentido crítico a información extraída de Internet para realizar tarefas de investigación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Reflexionar sobre a comprensión e expresión escrita facendo uso do coñecemento da lingua.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar os usos discriminatorios da lingua e analizar a situación persoal en relación a eles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e

Contidos

- de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.

UD	Título da UD	Duración
3	SOMOS LECTORES	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	- Comprender as ideas relevantes de textos narrativos breves. - Interpretar e comprender o tema de poemas sinxelos.	PE	50
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Analizar os elementos das obras de lectura obrigatoria pertencentes a distintos xéneros literarios e interpretar o sentido global das mesmas.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Apreciar os elementos da forma e do contido de distintos textos literarios transmitidos a través de distintas canles.	TI	50
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Ler obras literarias para desenvolver o criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, procurando assimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Relacionar e comparar textos orais ou escritos con outras manifestacións artísticas.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais. - Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
4	COÑECEMOS A LINGUA	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar a intención comunicativa do emisor en textos de distintos tipo e o carácter connotativo dos mesmos.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Formular xeneralización sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais. - Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto. 		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	<ul style="list-style-type: none"> - Usar adecuadamente a fonética da lingua galega. - Aplicar e valorar as normas ortográficas da lingua galega. - Aplicar e valorar as normas morfolóxicas da lingua galega. - Usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula. 		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Usar, con progresiva autonomía, as TIC para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.	TI	40
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Empregar os coñecementos da lingua para revisar os textos propios e para mellorar na comprensión lectora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As diferentes estratexias metodolóxicas para o desenvolvemento das unidades van encamiñadas:

- a) Á combinación no uso das diferentes destrezas comunicativas, fundamentalmente daquelas centradas na recepción e produción escritas e na reflexión sobre o funcionamento da lingua.
- b) Á combinación de soportes analóxico e dixital, sobre todo á hora de traballar as destrezas receptivas, tanto orais como escritas.
- c) A un especial interese pola ampliación do vocabulario, tanto activo como pasivo.
- d) A un amplo estudo de contidos relacionados coa comunicación humana, xunto a un repertorio equivalente de actividades de tipo práctico relacionadas coas catro destrezas fundamentais (escoitar, falar, ler e escribir).
- e) Á presenza dos estudos literarios, xa dende o inicio da etapa educativa, co fin de iniciar ao alumnado de maneira temperá no aprecio pola arte da palabra escrita.
- f) A un intenso e extenso traballo sobre a gramática da lingua galega que promova dende idades temperás a reflexión sobre as súas unidades, regras e funcionamento.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Para o desenvolvemento dos contidos que se enumeraron e coa finalidade de facilitar a consecución dos obxectivos fixados, utilizaranse os seguintes materiais e recursos didácticos:

1. Libro de texto: Lingua e literatura 1º ESO, editorial Xerais.
2. Libros de lectura obrigatoria: Para fomentar o hábito de lectura, paliar deficiencias ortográficas e solucionar calquera dificultade que puidera presentarse, establécense unhas lecturas obrigatorias para 1º de ESO, unha para cada avaliación:
 - a) Primeira avaliación: Chamádeme Simbad, de Francisco Castro.
 - b) Segunda avaliación: A pel do mundo, de Berta Dávila.
 - c) Terceira avaliación: A folla azul, de Andrea Maceiras
3. Outros materiais complementarios e de reforzo:
 - Exercicios e actividades propostas nos libros de texto e, no seu caso, aqueles construídos polo propio docente.
4. Materiais de investigación e consulta:
 - Libros e obras de consulta de bibliotecas virtuais.
 - Textos e prensa en dixital
 - Dicionarios dixitais.
 - Enciclopedias dixitais.
 - Utilización de recursos lingüísticos en Internet: correctores, tradutores, léxicos específicos.
 - Páxinas web.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Basicamente, a intención que ten a avaliación inicial é proporcionar un instrumento de avaliación das capacidades e dos coñecementos con que contan os alumnos e alumnas que se incorporan aos novos cursos, a fin de abordar o proceso educativo con garantías, así como anticipar axustes individuais e reparar retrasos escolares. É un proceso de toma de decisións que serve para planificar os procesos de ensinanza-aprendizaxe e baséase na análise das capacidades do alumnado e as necesidades do grupo.

Contamos con moitos instrumentos para realizar a Avaliación Inicial:

- Debates
- Observación na aula os primeiros días de clase
- Entrevistas
- Informes do equipo de orientación
- Análise de producións realizadas polo alumnado: resumos, traballos, cadernos de clase, resolución de exercicios...
- Exercicios de comprensión e expresión oral: pronuncia, articula correctamente todos os sons, amplitude e propiedade léxica: emprega un vocabulario variado, preciso e apropiado.
- Exercicios de comprensión e expresión escrita: claridade (enténdese o que se escribe), signos de puntuación e faltas de ortografía.
- Atención e concentración: mantén a atención (nas explicacións de clase, na realización de traballos persoais, etc.).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	30	30	30	100
Proba escrita	80	45	50	60	54
Táboa de indicadores	20	55	50	40	46

Criterios de cualificación:

1. Polo que respecta aos criterios de cualificación, son os que van a seguir:

- As probas específicas correspondentes a cada avaliación realizaranse por escrito e entrarán contidos do bloque "As linguas e os seus falantes", "Comunicación (escrita)", "Educación literaria" e "Reflexión sobre a lingua". As probas cualificaranse sobre 10 puntos. Nestas probas figurará a puntuación asignada a cada pregunta. A súa cuantificación será do 50%.
- A cuantificación da proba de lectura (dos libros obrigatorios) será do 20% do total da nota.
- As notas do bloque de Comunicación cuantifican un 30%, que se repartirá entre a Comunicación oral (15%) e a Comunicación escrita (15%).

2. Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas:

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega; no caso das probas escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que en ningún caso poderán superar os 2 puntos.

Nos casos de avaliación oral é o profesorado do nivel o que establece os criterios de penalización por incorreccións lingüísticas que en ningún caso poderán superar os 2 puntos.

Seguindo o Decreto tamén o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba lle corresponderían os 4 puntos de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

3. Cualificación trimestral:

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abrangidas nel aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas.

Se a cualificación é superior a 5 poderase sumar ata 1 punto por actividades voluntarias (véxase o apartado 7.2. Actividades complementarias).

4. Cualificación ordinaria:

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres.

5. Cualificación final:

O alumnado para superar a materia deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperacións no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.

Criterios de recuperación:

Especificacións para os mecanismos e criterios de recuperación:

1. As probas escritas de lectura poderán recuperarse no mes de maio, despois de ter feito o exame de lectura obrigatoria da 3ª avaliación.
2. O resto de probas e entregas do curso, tanto de lingua oral como de lingua escrita, poderán recuperarse no período fixado inmediatamente anterior á avaliación ordinaria.
3. Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da súa repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados mantendo os mesmos instrumentos de avaliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai materias pendentes en 1º de ESO.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade intelectual do alumnado non sempre é tan real como a simple vista pode parecer. Evidentemente non tódalas intelixencias son iguais, pero non tan diferentes como parecen amosar os resultados académicos. Isto non supón negar a existencia de estudantes que manifesten dificultades e, ás veces, limitacións da súa capacidade para aprender, e doutros que progresan con maior rapidez cós seus compañeiros e que, de igual maneira, necesitan unha resposta educativa que lles permita progresar segundo as súas posibilidades. Nestes casos, as axudas pedagóxicas e as adaptacións curriculares constitúen as medidas adecuadas para garantir a atención educativa en cada caso. As diferenzas de rendemento poden ter causas de moi diversa índole: capacidades diferentes, intereses diferentes, emotividades diferentes, circunstancias económico-sociais diferentes, ritmos de traballo e aprendizaxe diferentes, etc, polo que educar atendendo á diversidade significa asumir que rapaces e rapazas con diferentes características teñen que se educar xuntos.

Ao noso ver, a mellor maneira de atender á diversidade é a seguinte:

1) En primeiro lugar, coas medidas curriculares que se prevén na lei: Adaptacións Curriculares que inclúen a presenza na aula nalgúns días da semana dunha profesora de apoio ou a saída das alumnas da aula.

2) O alumnado con necesidades de reforzo (ben por TEA, por TDAH ou por incorporación tardía). Pensamos que o traballo por proxectos e o enfoque por tarefas nos que o alumnado constitúe equipos orientados á realización dun proxecto ou dunha tarefa, facilitan a integración de alumnos diversos e a implicación de cada un deles na medida das súas capacidades nun traballo común. Ademais a relación afectiva de ensinanza-aprendizaxe é diferente cá que existe entre eles e o profesor. Entre as actividades a desenvolver con este alumnado poden estar as seguintes.

- a) Exercicios complementarios de gramática.
- b) Exercicios de acentuación, léxico, morfosintaxe e semántica.
- c) Autocorrección de probas escritas.
- d) Lecturas de textos significativos da nosa literatura, coas anotacións oportunas. Estas lecturas poden utilizarse tamén para que fagan resumos e sínteses.
- e) En Secundaria lecturas guiadas na aula .
- f) Utilización de internet como axuda complementaria ao exposto en determinadas unidades.

3) Plan de Traballo Individualizado para alumnos con avaliación negativa do curso anterior. Os alumnos de ESO atenderanse, sobre todo, ao longo do curso polo profesor ou profesora que imparta a materia no nivel no que se atopen matriculados.

Para atender esas necesidades educativas, o profesorado entregará un plan de traballo individualizado con distintas actividades, que o alumnado deberá realizar periodicamente de acordo coas indicacións dadas para acadar as competencias básicas da materia.

4) Para atender ao alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade seguiranse as pautas indicadas pola orientadora do centro, que son as seguintes:

- O alumno/a debe de estar sentado preto da mesa do profesor/a.
- Asegurarnos en cada momento que o alumno/a entendeu a tarefa.
- Permitir máis tempo para realizar os exames.
- Os exames escritos completalos con exames orais, cando se observa que están incompletos, e sempre que sexa doado.
- Cada enunciado só terá unha pregunta.
- Valorar o contido das respostas e non a ortografía ou composición do texto.
- Evitar de que o alumno/a teña máis dun exame por día.
- Dar a coñecer a data das probas de avaliación con tempo de antelación.
- Controlar o tempo do exame, cada 10 - 15 minutos, o que axudará a que xestionen e organicen mellor os tempos en cada actividade.
- Supervisar que o alumno/a revise o exame antes de entregalo.

5) Para a atención ó alumnado con dislexia, seguiremos as seguintes pautas:

1. Sempre que sexa posible permitir o uso do ordenador, especialmente no caso de disgrafías asociadas á dislexia.
2. Reducir a cantidade de texto para copiar.
3. Reducir a cantidade de libros de lectura ou buscar libros máis sinxelos, menos extensos.
4. Para avaliar a lectura de libros, utilizaremos traballos estruturados en apartados pequenos ou avaliar capítulo a capítulo. Mellor exames orais ca escritos.
5. Nos exames aumentar o tamaño da letra e do interliñado. Intercalar preguntas de resposta longa con preguntas de resposta curta. Sempre que sexa posible evitar as preguntas de resposta aberta.
6. Non ditar o exame nin corrixir en vermello.
7. Convén ler o exame co alumno/a antes de empezar e asegurarnos de que comprendeu o enunciado de todas as preguntas. Preguntar polas dúbidas ó longo do exame.
8. Evitar máis dun exame por día e avisar con antelación da súa realización.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Respecto á identidade de xénero e ás escollas persoais e ao diálogo como ferramenta de promoción da tolerancia e o coñecemento propio e dos outros.			X	
ET.2 - Coidado do ambiente a través do respecto á biodiversidade ou do esforzo colectivo como camiño para acadar un obxectivo común.		X		
ET.3 - O benestar animal.			X	X
ET.4 - O fomento da práctica deportiva como elemento de saúde e desenvolvemento persoal.		X		X
ET.5 - A riqueza da diversidade cultural e lingüística.	X			X
ET.6 - A necesidade dun transporte sostible en relación ao ambiente.		X		X
ET.7 - A guerra e as desigualdades económicas, xeradoras de movementos masivos de persoas.		X		
ET.8 - O desenvolvemento de hábitos de vida saudable.		X		X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións Día das Letras Galegas	Saídas a diversas exposicións que estean relacionadas coa nosa cultura: no ano 2024 o Día das Letras Galegas está dedicado a Luísa Villalta. É de esperar que se estean preparando actividades con motivo desta celebración. Se é posible alumnado de ESO participará dalgunha delas.			X
Charlas e películas	Visitas organizadas a conferencias, charlas, coloquios, películas e outras actividades en función das ofertas.	X	X	X
Encontros literarios	Encontros literarios presenciais no Centro con escritores e escritoras.		X	X
Representacións teatrais	Saídas para ver representacións de obras de teatro.	X	X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concursos	Participación en concursos segundo ofertas.	X	X	X
Contacontos	Actividades de contacontos en colaboración co departamento de Normalización e Dinamización Lingüística e da biblioteca.	X		X

Observacións:

Tamén se pode aproveitar os días de celebración especial, como o Día Mundial da Paz, o Día do Medio Ambiente, o Día Internacional da Muller... para abrir un especial diálogo e comentario sobre tales valores.

As actividades complementarias insírense de cheo nas unidades didácticas da programación, é por iso que o alumnado poderá realizar actividades de carácter voluntario para incrementar a súa nota trimestral mediante proxectos ou actividades asociados a elas.

Garantírase sempre que a súa valoración sexa obxectiva e que a súa realización sexa accesible a todo o alumnado independentemente da súa situación económica familiar ou de calquera outra forma de dificultade.

O incremento de nota será dun máximo de 1 punto na cualificación da materia e só se fará efectivo unha vez que a alumna ou alumno teña chegado á cualificación de 5 sobre 10 nos instrumentos de avaliación de cada trimestre.

Estas tarefas desenvolveranse fundamentalmente fóra da aula e poderán xirar arredor destes aspectos:

a) Lectura voluntaria e traballo escrito ou audiovisual de obras escollidas pola alumna/o e confirmadas pola docente. (Máx. 1 punto)

b) Investigación arredor de distintos aspectos da cultura, da lingua, da literatura e da sociedade galega propostos pola alumna/o e confirmadas pola docente. (Máx. 1 punto)

c) Investigación sobre sociolingüística a través do EDLG ou sobre un tema proposto pola alumna/o e confirmado pola docente. (Máx. 1 punto)

d) Asistencia probada a aos actos culturais no concello como unha obra de teatro ou unha presentación literaria se vai acompañada da crónica do acto ou dunha entrevista para a web do EDLG (Máx. 1 punto).

e) Colaboración co EDLG, con mostras de traballo evidentes (podcast, textos etc.). (Máx. 1 punto. Non se sobe nota simplemente por formar parte do EDLG se non hai evidencias de traballo nas iniciativas do EDLG.)

Por outro lado e, na medida do posible, procurarase realizar saídas multidisciplinares con outros departamentos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Materiais empregados: accesibles, atractivos, suficientes.
Adecuación da planificación: número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, obxectivos ben definidos, se se basean dos seus intereses...
Consecución da motivación no alumnado, se espertamos a súa curiosidade, se ofrecemos axuda para que progresen, para que participen activamente na súa totalidade e chegaron o seu pleno desenvolvemento...
Tívoise en conta a participación das familias, as medidas de atención á diversidade foron as necesarias, uso das TIC, dar novos enfoques ás unidades, inclusión de temas transversais, actividades interdisciplinares...
Á hora de sistematizar este apartado establécense unha serie de ámbitos (Diversidade, Programación e Avaliación) cos seus indicadores e cuestionarios para levalo á práctica.

Descrición:

Os indicadores de logro servirán para comprobar o funcionamento da programación e a práctica docente. Deseñamos un procedemento para recoller os datos valorativos e propoñer as medidas de mellora que fosen necesarias. A finalidade desta análise é a mellora continua da práctica docente e da Programación.

Os indicadores de logro son preguntas que servirán para reflexionar sobre a nosa actuación co alumnado, e sobre os aspectos recollidos na Programación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente:

- a) A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado .
- b) As aprendizaxes acadadas polo alumnado .
- c) As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- d) A programación didáctica e o seu desenvolvemento , a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado .
- e) A coordinación entre as profesoras e profesores de cada curso, así como entre o profesorado do 1º curso da educación secundaria obrigatoria co equipo de mestras e mestres da etapa anterior coa finalidade de garantir a eficacia necesaria no tránsito dunha etapa a outra.

Os resultados desta avaliación serán analizados na Comisión de Coordinación Pedagóxica na que se tomarán as decisións que fosen consideradas pertinentes.

9. Outros apartados